

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019463	Johan Carballeira	Bueu	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
MAP	Marítimo-pesqueira	CBMAP11	Actividades marítimo-pesqueiras	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3138	Actividades en cubertas de barcos de pesca	2023/2024	6	135	161
MP3138_12	Operacións de manobra, carga, estiba e mantemento da cuberta	2023/2024	6	67	80
MP3138_22	Operacións de goberno, atraque, desatraque e ancoraxe	2023/2024	6	68	81

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA DEL PILAR GONZÁLEZ CAAMAÑO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Estas persoas viven nun entorno rural e soen exercer xeralmente a súa actividade a bordo de buques de pesca e auxiliares de acuicultura.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Mariñeiro/a de máquinas
- Mariñeiro/a de ponte
- Mariñeiro/a de pesca
- Mariscador/a flote

Algúns deles queren continuar o Ciclo medio da familia de Actividades Marítimo - Pesqueira

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Carga e descarga relacionadas con buques de pesca	Operacións auxiliares relacionadas coa carga e descarga	35	20
2	Manobras de aproximación, ancoraxe, atraque e desatraque do buque	Operacións auxiliares relacionadas coas manobras de aproximación	35	15
3	Limpeza, engraxamento e lubricación, rascado e pintado	Operacións de limpeza, engraxamento e lubricación, rascado e pintado da cuberta do buque	10	15
4	Gardas de navegación de buques de pesca	Servicios de vigía e garda	41	25
5	Goberno con timón respondendo ás ordes dadas	Goberno do buque	40	25

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Carga e descarga relacionadas con buques de pesca	35

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve operacións auxiliares de arranxamento, carga e descarga relacionadas con buques de pesca e barcos auxiliares de acuicultura	SI
RA2 - Desenvolve operacións auxiliares relacionadas coas manobras de aproximación, ancoraxe, atraque e desatraque do buque de pesca ou auxiliar de acuicultura	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as provisións e os equipamentos utilizando a documentación de carga, e describiuse como se manexan e como se estiban
CA1.2 Trasládanse provisións e equipamentos, incluíndo a carga e a descarga, utilizando os dispositivos de mobilización empregados en cuberta de buques de pesca, así como os sinais visuais de manobra, e describíronse as precaucións que cumpra tomar
CA1.3 Identifícanse os tipos de pesca e marisco principais do sector, e describíronse as precaucións que cumpra tomar durante a carga e a descarga
CA1.4 Identifícase e describiuse o uso dos utensilios de traballo empregados en operacións auxiliares de traballo en buques de pesca
CA1.5 Identifícase e describiuse o efecto que sobre a estabilidade transversal do buque terá o uso da maquinaria e dos equipamentos empregados para a mobilización de cargas en buques de pesca
CA1.6 Identifícanse e describíronse as características dos elementos e dos equipamentos do buque
CA1.7 Descríronse os factores posmortem que aceleran os procesos de descomposición e deterioración dos produtos pesqueiros e que afectan a súa calidade
CA1.8 Descríronse as normas hixiénico-sanitarias sobre manipulación de produtos pesqueiros
CA1.9 Descríbiuse como se realiza a estiba en bodega ou neveira, o embarque e o desembarque do peixe, atendendo á natureza e á embalaxe do produto que benefician a calidade e a duración de almacenamento do peixe arrefriado
CA1.10 Realizáronse os nós e as costuras, e relacionouse o seu uso coas actividades en que se empregan
CA1.11 Descríronse e empregáronse as normas de prevención de riscos laborais, ambientais e de manipulación de produtos pesqueiros durante actividades auxiliares de arranxamento, carga e descarga
CA2.1 Preparáronse os cabos, os cables, as cadeas, as defensas e demais elementos en función das manobras propostas
CA2.3 Relacionouse o tipo de nó e o seu uso coa operación que o requira

4.1.e) Contidos

Contidos
Elementos e equipamentos do buque.
OCarga máxima de traballo dos equipamentos de carga e descarga e os seus accesorios (motóns, pastecas, cadernais, ganchos, gardacabos, tensores, grillóns e estrobo).
Operacións de carga e descarga. Características e uso. Amante, amantillo e contras. Sinais visuais de manobra.
Movemento de pesos a bordo, carga e descarga: efectos do centro de gravidade do peso sobre a estabilidade transversal do buque.
Nós, lazos e unións de cabos. Costuras de cabos.
Peixe e marisco: condicións de conservación. Cambios posmortem: descomposición e deterioración dos produtos pesqueiros (procesos físicos, encimáticos, microbiolóxicos e químicos); cambios de aroma e sabor. Factores que afectan a calidade dos produtos pesqueiros. Limpeza e desinfección (hixiene do persoal manipulador; utensilios e ferramentas). Manipulación e conservación a bordo dos produtos pesqueiros, na virada e despois da virada. Embarque das capturas (preparación para a estiba; estiba e clasificación; refugallos; descarga;
Definición de buque. Lixeira descrición da estrutura. Nomenclatura das partes do buque. Estanquidade. Flotabilidade.
Maquinaria de cuberta: carreteis, haladores e plumas.
Elementos auxiliares: cintas transportadoras e cilindros hidráulicos.
Operacións auxiliares de manobra.
Execución dos nós con cabos e arames: axustar, falcacear, enrolar e apertar.
Especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais aplicables a labores de arranxamento, carga e descarga en buques de pesca e auxiliares acuícolas.
Riscos profesionais e factores de risco derivados da actividade.
Equipamentos de protección individual empregados: características e uso.
Dimensións principais. Estrutura: cadernas, adegas e anteparos. Calados. Obra viva e obra morta.
Cubertas e adegas. Calados. Elementos fixos e móbiles.
Cordame: enxarcia firme e de labor. Cabos e cables.
Áncoras, rizóns, cadeas e cables.
Operacións con cabos e arames: nós, gazas, axustes e costuras.
Vocabulario náutico-pesqueiro.
Utensilios de traballo: equipamentos de carga/descarga: tipos de aparellos (puntais, guindastres, cabría e polea).

Contidos
Operacións de mantemento: rascado e pintado de superficies de cuberta e casco; coidado e pintado do casco (de aceiro, de madeira e de poliéster).
Normas de prevención de riscos laborais nas actividades de limpeza, engraxamento e/ou lubricación, rascado e pintado.
Especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais aplicables aos labores de cuberta en buques de pesca.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Manobras de aproximación, ancoraxe, atraque e desatraque do buque	35

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Desenvolve operacións auxiliares relacionadas coas manobras de aproximación, ancoraxe, atraque e desatraque do buque de pesca ou auxiliar de acuicultura	SI
RA3 - Realiza operacións de limpeza, engraxamento e/ou lubricación, rascado e pintado aplicando as técnicas e os produtos requiridos para a adecuada conservación da cuberta do buque de pesca e dos seus equipamentos	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Preparáronse os cabos, os cables, as cadeas, as defensas e demais elementos en función das manobras propostas
CA2.2 Utilizáronse os elementos de manobra de forma que se eviten faltas e roturas
CA2.3 Relacionouse o tipo de nó e o seu uso coa operación que o requira
CA2.4 Realizáronse as manobras de aproximación, ancoraxe, atraque e desatraque do barco auxiliar de acuicultura, cumprindo os requisitos dados
CA2.5 Identificáronse, describíronse e empregáronse as normas de prevención de riscos laborais e de manexo requiridas nas manobras de buques de pesca ou en auxiliares de acuicultura
CA3.1 Describiuse o proceso de limpeza en cuberta, as precaucións que cumpra tomar e o uso dos produtos requiridos
CA3.2 Describiuse o proceso de engraxamento da maquinaria e dos equipamentos de cuberta, as precaucións requiridas e as características xerais dos lubricantes

4.2.e) Contidos

Contidos
Elementos e equipamentos do buque.
0Carga máxima de traballo dos equipamentos de carga e descarga e os seus accesorios (motóns, pastecas, cadernais, ganchos, gardacabos, tensores, grillóns e estrobo).
Operacións de carga e descarga. Características e uso. Amante, amantillo e contras. Sinais visuais de manobra.
Movemento de pesos a bordo, carga e descarga: efectos do centro de gravidade do peso sobre a estabilidade transversal do buque.
Nós, lazos e unións de cabos. Costuras de cabos.
Peixe e marisco: condicións de conservación. Cambios posmortem: descomposición e deterioración dos produtos pesqueiros (procesos físicos, encimáticos, microbiolóxicos e químicos); cambios de aroma e sabor. Factores que afectan a calidade dos produtos pesqueiros. Limpeza e desinfección (hixiene do persoal manipulador; utensilios e ferramentas). Manipulación e conservación a bordo dos produtos pesqueiros, na virada e despois da virada. Embarque das capturas (preparación para a estiba; estiba e clasificación; refugallos; descarga;
Nocións de boas prácticas na pesca artesanal: código de conduta para unha pesca e un consumo responsables e sustentables.
Operacións auxiliares de manobra en cuberta de buques de pesca.
Definición de buque. Lixeira descrición da estrutura. Nomenclatura das partes do buque. Estanquidade. Flotabilidade.
0Utensilios de traballo.
Maquinaria de cuberta: carreteis, haladores e plumas.
Elementos auxiliares: cintas transportadoras e cilindros hidráulicos.
Operacións auxiliares de manobra.
Riscos profesionais e factores de risco derivados da actividade.
Dimensións principais. Estrutura: cadernas, adegas e anteparos. Calados. Obra viva e obra morta.
Cubertas e adegas. Calados. Elementos fixos e móbiles.
Cordame: enxarcia firme e de labor. Cabos e cables.
Áncoras, rizóns, cadeas e cables.
Operacións con cabos e arames: nós, gazas, axustes e costuras.
Vocabulario náutico-pesqueiro.
Utensilios de traballo: equipamentos de carga/descarga: tipos de aparellos (puntais, guindastres, cabría e polea).

Contidos
<p>Molinete: áncoras e rizóns.</p> <p>Guincho e cabrestante: estachas e cobadeiras.</p> <p>Amarras: denominación segundo a súa posición no buque.</p> <p>Elementos de amarre: morrón, aro, bita, comamusa, gateira e guía.</p> <p>Manexo de guinchos e maquiñas. Dar e largar amarras. Bozar cabos. Encapelar e desencapelar cabos e estachas en bitas. Manobras básicas de atraque, desatraque, ancoraxe e remolque.</p> <p>Expresións comúns utilizadas durante as manobras.</p> <p>Especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais aplicables a manobras do buque.</p> <p>Riscos profesionais e factores de risco derivados da actividade.</p> <p>Equipamentos de protección individual empregados: características e uso.</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Limpeza, engraxamento e lubricación, rascado e pintado	10

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza operacións de limpeza, engraxamento e/ou lubricación, rascado e pintado aplicando as técnicas e os produtos requiridos para a adecuada conservación da cuberta do buque de pesca e dos seus equipamentos	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Descríbiuse o proceso de limpeza en cuberta, as precaucións que cumpra tomar e o uso dos produtos requiridos
CA3.2 Descríbiuse o proceso de engraxamento da maquinaria e dos equipamentos de cuberta, as precaucións requiridas e as características xerais dos lubricantes
CA3.3 Descríbironse as operacións de mantemento de cuberta (picado e pintado) e as precaucións requiridas

Criterios de avaliación

CA3.4 Realizáronse as operacións de limpeza, engraxamento e/ou lubricación, rascado e pintado aplicando a técnica requirida

CA3.5 Identifícaronse, describíronse e empregáronse as normas de prevención de riscos laborais nas actividades de limpeza, engraxamento e/ou lubricación, rascado e pintado

4.3.e) Contidos
Contidos

Elementos e equipamentos do buque.

0Carga máxima de traballo dos equipamentos de carga e descarga e os seus accesorios (motóns, pastecas, cadernais, ganchos, gardacabos, tensores, grillóns e estrobos).

Movemento de pesos a bordo, carga e descarga: efectos do centro de gravidade do peso sobre a estabilidade transversal do buque.

Salmoiras e xeos. O xeo na conservación dos produtos da pesca. Calidade nos produtos pesqueiros.

Neveiras e conxeladores: características e uso. Estiba e conservación do peixe e do marisco.

Normas hixiénico-sanitarias sobre manipulación de produtos pesqueiros. Hixiene nos barcos e nas instalacións de manipulación.

Definición de buque. Lixeira descrición da estrutura. Nomenclatura das partes do buque. Estanquidade. Flotabilidade.

0Utensilios de traballo.

Operacións auxiliares de manobra.

Riscos profesionais e factores de risco derivados da actividade.

Dimensións principais. Estrutura: cadernas, adegas e anteparos. Calados. Obra viva e obra morta.

Cubertas e adegas. Calados. Elementos fixos e móbiles.

Cordame: enxarcia firme e de labor. Cabos e cables.

Áncoras, rizóns, cadeas e cables.

Operacións con cabos e arames: nós, gazas, axustes e costuras.

Vocabulario náutico-pesqueiro.

Contidos
Utensilios de traballo: equipamentos de carga/descarga: tipos de aparellos (puntais, guindastres, cabría e polea).
Proceso de limpeza en cuberta: precaucións.
Proceso de engraxamento da maquinaria e dos equipamentos de cuberta. Coidado de cables e arames: estiba e conservación.
Operacións de mantemento: rascado e pintado de superficies de cuberta e casco; coidado e pintado do casco (de aceiro, de madeira e de poliéster).
Normas de prevención de riscos laborais nas actividades de limpeza, engraxamento e/ou lubricación, rascado e pintado.
Especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais aplicables aos labores de cuberta en buques de pesca.
Riscos profesionais e factores de risco derivados da actividade.
Equipamentos de protección individual empregados (casco, lentes, xeonleiras, luvas, chaleco salvavidas, traxe de neopreno, carpíns e calzado antiesvaradío): características e uso.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Gardas de navegación de buques de pesca	41

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza as actividades relacionadas coas gardas de navegación de buques de pesca	NO
RA2 - Executa operacións de goberno co temón respondendo ás ordes dadas, utilizando goberno manual en simulacións de manobras ou navegación en zonas de tráfico intenso	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Realizáronse as comunicacións de xeito claro e conciso en todo momento
CA1.3 Identificáronse os equipamentos de navegación e describiuse a información chegada por estes
CA1.4 Atendéronse as indicacións dos equipamentos de navegación e comunicouse calquera incidencia digna de mención

Criterios de avaliación
CA1.5 Detectáronse e comunicáronse con prontitude as demoras aproximadas dos sinais acústicos, luminosos ou outros obxectos identificados
CA1.6 Realizouse o relevo de garda segundo procedemento establecido e comunicóuselle ao/á oficial
CA1.7 Describiuse a conduta en caso de emerxencia
CA2.4 Descríronse as influencias que afectan o goberno do buque (carga, vento, corrente, estado do mar, etc.)

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Deberes do/da vixía. Notificación de demoras aproximadas.</p> <p>Gardas. Procedementos de entrega, realización e relevo da garda. Información necesaria para realizar unha garda segura.</p> <p>Operacións de emerxencia a bordo. Utilización dos sistemas de comunicación internas a bordo e de alarma. Coñecemento dos deberes en caso de emerxencia e dos sinais de alarma: fallo de máquina principal, servomotor, xirocompás/agulla magnética e telégrafo; colisión inminente; embarrancada; lume; inundación; persoa á auga; busca e rescate. Coñecemento dos sinais pirotécnicos de socorro RLS por satélite e RESAR.</p> <p>Nocións sobre o Regulamento Internacional de Prevención de Abordaxes no Mar (sinais acústicos, luces e outros obxectos): luces e marcas; tipo de buque segundo as súas luces e marcas; sinais acústicos e sinais de perigo.</p> <p>Rumbo: tipos de rumbos.</p> <p>Utilización básica de compases magnéticos e xirocompás.</p> <p>Medida do rumbo: circular, cuadrantal e cuartas.</p> <p>Goberno automático e manual.</p> <p>Ordes de temón en español e en inglés.</p>

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Goberno con timón respondendo ás ordes dadas	40

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza as actividades relacionadas coas gardas de navegación de buques de pesca	NO
RA2 - Executa operacións de goberno co temón respondendo ás ordes dadas, utilizando goberno manual en simulacións de manobras ou navegación en zonas de tráfico intenso	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Realizáronse as comunicacións de xeito claro e conciso en todo momento
CA1.2 Deuse o xustificante de recepción das ordes, segundo as boas prácticas mariñeiras
CA1.6 Realizouse o relevo de garda segundo procedemento establecido e comunicóuselle ao/á oficial
CA1.7 Describiuse a conduta en caso de emerxencia
CA2.1 Identificáronse auditivamente, describíronse e expresáronse as principais ordes de goberno en inglés
CA2.2 Describiuse como funciona o sistema de goberno do buque
CA2.3 Describiuse como responde o goberno do buque ás actuacións do temón
CA2.4 Describíronse as influencias que afectan o goberno do buque (carga, vento, corrente, estado do mar, etc.)
CA2.5 Gobernou ao rumbo ordenado utilizando o compás magnético e o xirocompás do equipamento de goberno
CA2.6 Pasouse do goberno con piloto automático a manual, e viceversa
CA2.7 Mantívose o rumbo, manexando o temón de forma sostida, dentro de límites admisibles, tendo en conta a zona de navegación
CA2.8 Cambiouse de rumbo cumprindo as ordes, sen brusquidade, mantendo o control en todo momento

4.5.e) Contidos

Contidos
Deberes do/da vixía. Notificación de demoras aproximadas.
Navegación con práctico a bordo: embarque e desembarque, escala de práctico.
Garda en porto: deberes e tarefas.
Nocións sobre o Regulamento Internacional de Prevención de Abordaxes no Mar (sinais acústicos, luces e outros obxectos): luces e marcas; tipo de buque segundo as súas luces e marcas; sinais acústicos e sinais de perigo.
Sistema de Balizamento: IALA. Cardinal.
Nocións sobre goberno do buque: piloto automático e paso a manual, e viceversa.
Vocabulario normalizado de navegación marítima en español e en inglés.
Aparellos de axuda para a navegación instalados a bordo: radar, sonda e GPS.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

<p>Os mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva son os indicados no apartado 4 desta programación:</p> <p>Os criterios de cualificación son os seguintes:</p> <ol style="list-style-type: none">1- Traballo diario na aula, constancia, rigor e libreta diaria de apuntes terá un peso do 30% da cualificación total do módulo.2- A media da cualificación obtida nos exames, tanto teóricos como practicos do módulo sera o 70% da cualificación total do módulo.3- A cualificación mínima na parte dos exames, para facer media, será dun 4.4- Para poder superar o módulo o alumno debera obter polo menos un 5 para aprobar. <p>Trato de que a nota media de cada módulo sexa o resultado dun traballo sostido no tempo.</p>

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para acadar a recuperación o alumno deberá ser capaz de resolver dun xeito satisfactorio exercicios prácticos e teóricos.

O profesor repetira os exames que estén suspensos con menos nota que un 5, e mesmo eliminar materia co gallo de acadar os obxetivos previstos.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A proba de avaliación extraordinaria consistirá na realización de exercicios teóricos e prácticos en base ós contidos mínimos exixibles do módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Farase un seguimento mensual da programación, para que se acaden como mínimo os contidos mínimos exixibles.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Para la realización da avaliación inicial, teranse en conta os seguintes factores:

- 1- Charla persoal con cada un dos alumnos, previa á avaliación para ver como se adaptan
- 2-Charla cos titores legais dos alumnos (se non pode ser persoalmente, por outra via: teléfono,etc)
- 3-As actitudes que cada alumno ten na aula
- 4-Cualificacións durante o tempo de curso ata que se faga a avaliación.

Finalmente se leva a cabo a reunión da avaliación inicial para ver o nivel en xeral do grupo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Cando un alumno no responda globalmente ós obxectivos programados, proporanse para cada un deles e de xeito individualizado as seguintes actuacións, no marco das reunións e acordos do equipo docente:

- 1- Reforzar con explicacións máis sinxelas, ampliando o nivel de axuda documental e de asesoramento ó alumno, pero xa no contexto dos mínimos de cada unidade didáctica.
- 2- Tomar como referencia os aspectos máis esenciais do perfil profesional característico do título.
- 3- Solicitar asesoramento e colaboración do departamento de orientación do centro si fose necesario, para levar a cabo algunha medida adicional, no caso de que non responda ou non progrese adecuadamente coas actuacións anteriores.

Aparte das medidas indicadas, o profesor podrá propoñerlle ao alumno clases de reforzo fora do horario lectivo, tendo en conta a disponibilidad de aulas do centro. Intentarase que a maioría dos alumnos podan incorporarse ao plan proa.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

No sector marítimo existe gran número de tarefas nas que a actitude é de gran importancia dado que afecta a seguridade das persoas, dos bens e do medio, é por isto que, todos os procedementos se explicarán coa actitude e linguaxe que lle é propia.

- Educación no respecto a todas as persoas. Atención á diversidade para poder alcanzar un bó clima na aula. Traballo en equipo e facer piña coa clase, os meus compañeiros non son os meus enemigos, son os meus colegas.
- Educación cívica, normas básicas de convivencia na aula
- Educación ambiental: respecto polo entorno físico e natural.
- Educación do consumidor.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Os días de Náutica Pesqueira poderíamos contar coa colaboración dun profesor da Náutica (antigo patrón de buque), que aporta experiencia e axuda nas explicacións.
Para a realización das prácticas nun barco e as prácticas de fogo en loito contra o fume, poderase contar coa axuda de profesores cualificados pertencentes á Náutico Pesqueira de Bueu.

As visitas e actividades que se podrian programar se fora posible son as seguintes:

- Museo Massó de Bueu.
- Visitar la lonja de Bueu.
- Visita al Varadero de Bueu
- Visitar la Torre de Salvamento de Vigo.
- Instituto politécnico Marítimo Pesqueiro de Vigo. (En función de cuando nos autorice el centro).
- Asistencia a una jornada en el Buque escuela Intermares, si esta atracado en el puerto de Vigo.
- Visita a la empresa frigorificos de Morrazo.(visita de un barco de pesca de altura). (1º ó 2º semestres en función de la entrada de barcos)
- Fabrica de redes de Cangas.
- Practicas de salvamento en el puerto de Bueu.
- Practicas de Pesca en las inmediaciones de Bueu.
- Practica de navegación en buque de pasaje.
- Visita a diferentes barcos en el puerto de Bueu.
- Asociación de mariscadoras Amarcarril realizando practica de marisqueo.
- Obradoiro de redes y varadero de Vigo.
- Visita a la empresa Rodman.
- Practicas de salvamento en el puerto de Bueu.
- Practicas de salvamento en puerto de Bueu.
- Asistencia a alguna evacuación de salvamento en buques de pasaje.
- Escuela Naval de Marín.

Ao longo do curso faranse diversas prácticas de pesca no muelle de Bueu e proximidades.

Tamén poderían facerse prácticas de navegación, de salvamento marítimo e de loita contra o fume para asentar ós conceptos aprendidos en anos anteriores.

Teño previsto que todos os meus alumnos se presenten ó exame de mariñeiro pescador na modalidade online, e que podan sacar o título que lles capacitaría para o mundo laboral.

Realización da Formación de Básica de Prevención de Riscos 30 horas.

Contidos Formativos:

A.) CONCEPTOS SOBRE SEGURIDADE E SAÚDE.

O traballo e a saúde. Os Riscos profesionais. factores de risco.

Danos derivados do traballo . Os accidentes de traballo e as doenzas profesionais . Outras patoloxias derivadas do traballo.
Marco normativo básico en materia de prevención de riscos laborais. Deberes e obrigas básicas nesta materia.

B.) RISCOS XERAIS E A SÚA PREVENCIÓN. Riscos ligados ao ambiente de traballo.
A carga de traballo , a fatiga e a insatisfacción laboral.

C.) RISCOS ESPECIFICOS E A SÚA PREVENCIÓN.

D.) ELEMENTOS BÁSICOS DA XESTIÓN DA PREVENCIÓN DE RISCOS.
Organismos públicos relacionados coa saúde no traballo. Organización preventiva do traballo. Rutinas básicas.

E.) PRIMEIROS AUXILIOS
Procedementos xerais
Plan de actuación.

10.Outros apartados

10.1) Libreta mariñeiro

Intentarase incorporar aos alumnos no curso de Formación Básica o no curso de mariñeiro pescador que están previstos na Náutica Pesqueira para que podan ir ás prácticas coa libreta do mar.
Os temarios destes cursos son moi parecidos ós nosos módulos. Estes cursos son necesarios para que os nosos alumnos podan ser contratados ó rematar ás prácticas.
A súa titora axudará có exame e faremos moitos test coa idea de preparar ben o exame.
Neste punto tamén poderemos contar co asesoramento de profesores da Náutica Pesqueira especialistas en preparar estes títulos profesionais.

10.2) No caso de confinamento dun alumno/a nun período curto, alumnos dunha aula ou dunha aula completa.



A programación didáctica da materia será a programación ordinaria pensada para o ensino presencial coas seguintes consideracións/ modificacións:

Criterios de cualificación:

Serán os mesmos que no ensino presencial tendo en conta que o alumnado realizará as probas escritas ou prácticas que se consideren.

Metodoloxía:

Coidar e fomentar a comunicación, estimulando a continuidade no traballo do alumnado.

Utilizar un modelo de traballo guiado e sinxelo.

Propoñer exercicios baseados naqueles aspectos que sexan fundamentais na materia a traballar.

Atender ao alumnado nas súas dúbidas respecto ao desenvolvemento da materia.

Facer un seguimento individualizado do alumnado. O alumnado pode realizar consultas sobre a materia ou calquera asunto relacionado no que precise axuda, mediante correo electrónico ou calquera medio facilitado para esa finalidade, como poden ser os foros dos cursos da aula virtual do centro.